

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO POLA QUE SE CONVOCA, NA ANUALIDADE DE 2022, O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

1. Antecedentes

Mediante Resolución da Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) do 20 de setembro de 2016 se creou o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes. (*Diario Oficial de Galicia* núm. 182, do 23 de setembro de 2016) coa finalidade de posibilitar o financiamento das entidades locais no desenvolvemento das súas competencias en relación cos seus deberes de rehabilitación e conservación do patrimonio construído.

Posteriormente, a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio) regula, nos seus artigos 82 e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas. Entre as principais novidades desta norma respecto á regulación anterior están a ampliación das actuacións que poden ser obxecto de financiamento con cargo ao Fondo de cooperación.

Así mesmo, cómpre ter en conta que mediante a Resolución da presidenta do IGVS do 17 de marzo de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 58, do 24 de marzo) ampliouse a dotación do Fondo de cooperación en 10.000.000 €, polo que, como consecuencia do anterior, queda dotado con 20.000.000 €.





O ordinal cuarto da Resolución do 20 de setembro de 2016 establece que *"O IGVS publicará anualmente resolucións de convocatoria nas que se fixarán o procedemento, as condicións e os criterios para o acceso ao financiamento, total ou parcial, das actuacións con cargo ao Fondo de cooperación e se abrirá un prazo de presentación de solicitudes"*.

Por este motivo xustifícase a necesidade de realizar esta convocatoria de acceso ao Fondo de cooperación para o ano 2022.

2. Obxecto e actuacións a financiar

Esta resolución ten por obxecto convocar, para a anualidade de 2022, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, así como fixar o procedemento, as condicións e os criterios para acceder ao mesmo.

Con cargo ao Fondo de cooperación poderán financiarse, total ou parcialmente, as seguintes actuacións:

- a) As promovidas polos concellos no desenvolvemento das competencias que lles atribúe a Lei 1/2019, do 22 de abril, ou a lexislación urbanística en relación cos deberes de conservación e rehabilitación.
- b) As de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído.
- c) Adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación.
- d) A elaboración de plans especiais de protección.

Poderanse financiar as actuacións iniciadas con carácter previo á presentación da solicitude de acceso ao financiamento, sempre que estean en execución nesa data.

As actuacións obxecto de financiamento deberán executarse no prazo máximo de





catro (4) anos, nos supostos previstos nas letras a), b) e d) e de dous (2) anos, para os casos establecidos na letra c). Estes prazos empezarán a contarse desde o día seguinte ao da data de sinatura do correspondente convenio de financiamento.

3. Orzamento

O Fondo de cooperación está dotado, para esta convocatoria, cun importe de 11.295.000 €.

As disposicións de cantidades do Fondo de cooperación previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 08.81.451A.821.60. correspondente á anualidade 2022 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Condicións de financiamento

A resolución establece limitacións en canto ás solicitudes de disposicións de fondos por parte dos concellos, de tal forma que ningún concello poderá presentar unha ou varias solicitudes de disposición de fondos que, individualmente ou conxuntamente, excedan o 25% do total do importe co que está dotado o Fondo de cooperación establecido na Resolución do 20 de setembro de 2016.

Por outra parte, imponse un prazo máximo de oito anos para a reposición das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación, ao tempo que se establece que o importe que debe repoñer o concello en cada anualidade non poderá ser inferior ao 10% do importe total transferido.

Nesta convocatoria establécese, como novidade respecto ás anteriores, que a reposición das cantidades correspondentes a cada anualidade deberá realizarse antes do 30 de setembro de cada ano, coa finalidade de dotar dun maior grao de seguridade xurídica ao procedemento de reposición.





5. Procedemento de acceso ao Fondo de cooperación

Para acceder ao Fondo de cooperación se diferencian os seguintes apartados:

5.1. Prazo de presentación de solicitudes

Establécese un prazo amplo para a presentación de solicitudes, que rematará o 30 de setembro de 2022 e, en todo caso, no momento de esgotamento do crédito orzamentario.

5.2. Solicitudes para acceder ao Fondo de cooperación

Os concellos que desexen acceder ao Fondo de cooperación deberán presentar unha solicitude xunto coa documentación complementaria unicamente por medios electrónicos, por tratarse de suxeitos obrigados a relacionarse electronicamente coas Administracións públicas.

5.3. Instrución e resolución do procedemento

A instrución do procedemento de acceso ao Fondo de cooperación atribúese á Dirección Técnica de Fomento do IGVS e a resolución do procedemento á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

A fase de instrución remata cunha proposta de resolución emitida pola persoa titular da Dirección Técnica de Fomento.

5.4 Resolución e recursos

A resolución de convocatoria contén distintas previsións en relación coa o resolución que poña fin ao procedemento; o prazo máximo da súa notificación, os efectos da falta de notificación no devandito prazo, así como os recursos que proceden contra ela.

Cómpre ter en conta que as resolucións dítanse por rigoroso orde de entrada das solicitudes, ata esgotar o crédito orzamentario dispoñible.

5.5. Convenios de financiamento

A eficacia das resolucións estimatorias das solicitudes de financiamento quedarán demoradas á sinatura dos correspondentes convenios entre o IGVS e os concellos





destinatarios do financiamento.

Para estes efectos, a resolución incorpora, no seu anexo II, un modelo de convenio que contén todas previsións establecidas na normativa aplicable.

Por razóns evidentes de seguridade xurídica, establécese un prazo para proceder á súa sinatura, de xeito que de non asinarse o convenio por causas imputables ao concello, este perderá o dereito ao acceso ao financiamento solicitado, que se declarará mediante a correspondente resolución.

6. Disposicións do Fondo de cooperación

A resolución de convocatoria prevé a forma na que se efectuará a disposición das cantidades con cargo ao Fondo de cooperación (nun único ingreso mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado na solicitude), así como a reposición dos importes percibidos polos concellos (mediante transferencia bancaria na conta específica do IGVS nos prazos sinalados).

Para concluír, reproducése o réxime de reintegro anticipado previsto ordinal sétimo da Resolución do 20 de setembro de 2016, e se incorpora como anexo III un modelo normalizado para comunicar a amortización total ou parcial.

7. Xustificación das actuacións obxecto de financiamento

A resolución de convocatoria establece unha serie de previsións en orde a comprobar o cumprimento polos concellos das finalidades obxecto de financiamento, co fin de garantir, deste xeito, o fin último perseguido coa súa creación, que non é outro que impulsar a rehabilitación e conservación do patrimonio construído, evitando, na medida do posible, a súa deterioración, así como, se ser o caso, a adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación ou a elaboración de plans especiais de protección.





Completan o texto da resolución tres anexos referidos, respectivamente, á solicitude de acceso ao Fondo de cooperación, ao modelo de convenio de financiamento e á amortización total ou parcial.

Santiago de Compostela

A directora técnica de Fomento

Susana Mera Souto

(Documento asinado electronicamente)

